

Resolución do 16 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no último cuadrimestre.

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar, no *Diario Oficial de Galicia*, unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Nome	Obxecto	Contía	Sinatura
Convenio de colaboración entre a SXE e a Universidade da Coruña (Prácticas)	A realización de prácticas formativas de alumnos do máster oficial en migracións internacionais, investigación, políticas migratorias e mediación intercultural	0,00	25-5-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e a Universidade da Coruña (Programas apoio a inmigrantes)	O desenvolvemento de programas de sensibilización e apoio á integración dos inmigrantes en Galicia, a través da formación e o voluntariado social no ámbito universitario	18.000	29-5-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e a Fundación Galicia Saúde	Desenvolver dous programas de atención socio sanitaria destinados ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Buenos Aires (Arxentina)	325.000	1-6-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e a entidade Cruz Vermella	Levar a cabo un programa de atención a mulleres inmigrantes extracomunitarias en situación de prostitución	62.000	1-6-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e o Hogar Español de Montevideo	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos	100.000	2-6-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e o Centro Cultural Gallego de Frankfurt del Meno E.V. (Alemaña)	O desenvolvemento da semana cultural de Frankfurt nesta cidade alemá	15.000	3-6-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e a Casa Galicia de Montevideo (Uruguai)	Desenvolver dous programas de atención socio sanitaria destinados ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo	200.000	23-6-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes	240.000	9-7-2009
Convenio de colaboración entre a SXE e a Universidade de Santiago de Compostela	A realización do III Seminario nacional sobre atención educativa ao alumnado inmigrante, experiencia e innovación	9.000	24-7-2009

CONSELLERÍA DE FACENDA

Corrección de erros.-Resolución do 28 de agosto de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda.

Advertido erro na Resolución do 28 de agosto de 2009, publicada no DOG nº 179, do venres 11 de setembro de 2009, é necesario facer a oportuna corrección:

Na páxina 14.662, no punto b) do acordo, debaixo do posto «EF.C99.10.000.36001.030.-XEFE/A TERRITORIAL», débese engadir:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MOTIVACIÓN
EF.C99.20.000.36560.035	XEFE/A TERRITORIAL	

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan para o ano 2009 as axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.

No *Diario Oficial de Galicia* número 171, do 1 de setembro de 2009, publicouse a Orde do 19 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade. Esta norma, con vocación de permanencia e por medio da cal se amplía o espectro de potenciais beneficiarios das axudas, mostra o compromiso firme da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cos pequenos profesionais do transporte de idade avanzada, aos cales se trata de facilitar o abandono da actividade compensando a perda de recursos económicos.

O éxito de convocatorias anteriores, así como as novidades introducidas polas indicadas bases reguladoras, aconsella iniciar un novo procedemento subvencional para o ano 2009. En consecuencia, e de acordo coa delegación feita a favor do titular da Dirección Xeral de Mobilidade na disposición adicional cuarta da orde citada,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2009 as axudas a transportistas autónomos de

mercadorías por estrada que abandonen a actividade, ao abeiro das bases reguladoras aprobadas pola orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 19 de agosto de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 171, do 1 de setembro).

2. As subvencións que se convocan tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-*Créditos orzamentarios e contía.*

1. A concesión das axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 43.05.512A.470.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por importe de novecentos vinte e oito mil euros (928.000 €). Non obstante, este importe debe entenderse sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, nos termos do artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co previsto no artigo 2 das bases reguladoras, as contías das axudas por cada beneficiario serán as seguintes:

a) Se o beneficiario tivese unha idade inferior a sesenta e cinco anos, 500 euros por cada seis meses completos que lle queden para cumprir esa idade no momento de presentar a solicitude, no caso dos beneficiarios indicados no artigo 3.1º a) das bases, ou que lle quedasen no momento da renuncia, no suposto do artigo 3.1º b). O cómputo dos semestres completos farase a partir do 1 de xuño do exercicio para o que se piden as axudas ou daquel en que se efectuou a renuncia, segundo o caso.

Os beneficiarios aos cales se lle declarase unha incapacidade permanente absoluta non percibirán cantidade ningunha por este concepto, con independencia da súa idade.

b) Se o solicitante fose titular dunha autorización de transporte público de mercadorías habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículo, 3.000 euros.

c) Se o solicitante fose titular dunha autorización de transporte público de mercadorías exclusivamente habilitante para realizar transporte con vehículos lixeiros, 1.500 euros se polo menos unha copia estivese referida a un vehículo de máis de 3.500 kg de masa máxima autorizada desde antes do 1 de outubro de 2005, e 1.200 euros noutro caso.

d) Aos titulares de autorizacións de transporte de ámbito autonómico expedidas pola Xunta de Galicia, e que queden fóra do ámbito de aplicación das axudas para o abandono da actividade transportista convocadas polo Ministerio de Fomento, concederáselles o dobre da subvención que lles correspondería consonte as alíneas anteriores.

3. Aos que fosen titulares de autorizacións incluídas en distintas alíneas do número anterior outorgaráselles unicamente a cantidade máis elevada das dúas que puidesen corresponderlles.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nas bases reguladoras:

a) Os transportistas autónomos cuxa actividade sexa o transporte de mercadorías por estrada e se comprometan a abandonar esta, renunciando a todas as autorizacións de transporte público de que fosen titulares, a partir da data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

b) As persoas que teñan renunciado á actividade do transporte de mercadorías por estrada a través da baixa de todas as autorizacións de transporte público de que fosen titulares no período transcorrido desde o 11 de setembro de 2008 e o día de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No caso previsto na letra a do número anterior, os beneficiarios deberán cumprir, no momento de presentar a solicitude, os seguintes requisitos:

a) Ser transportistas autónomos domiciliados en Galicia.

b) Ter unha idade igual ou superior aos cincuenta e oito anos, ou ter declarada unha incapacidade permanente absoluta.

c) Ser titulares dunha autorización vixente de transporte público de mercadorías cun máximo de tres copias.

d) Ter sido titulares durante os dez últimos anos, de forma ininterrompida, da autorización a que se refire a alínea anterior, cun máximo de tres copias. A dita autorización non debeu estar suspendida en ningún momento durante ese período, aínda que se permitirá unha soa interrupción na súa titularidade por un prazo que non supere os tres meses. Entenderase, a estes efectos, que estiveron vixentes as autorizacións caducadas por falta de visado que estean rehabilitadas no momento de presentar a solicitude.

Así mesmo, os beneficiarios poderán ter sido titulares doutras autorizacións de transporte público distintas das citadas, pero só se permitirá ter sido titular de catro copias de autorizacións das clases indicadas unha soa vez e por un prazo que non supere os dous meses.

e) Estar dados de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social os últimos dez anos

de forma ininterrompida, permitiéndose unicamente unha soa interrupción por un prazo que non supere os tres meses. Nos supostos de solicitantes afectados por unha incapacidade permanente absoluta, o referido prazo de dez anos computarase desde que esta lle foi recoñecida.

f) Comprometerse a abandonar a actividade de transporte público en nome propio, renunciando a todas as autorizacións de que fose titular, e obrigándose a devolver as axudas obtidas e os correspondentes xuros no caso de reiniciala.

g) Non estar incursos en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

3. No suposto recollido na letra b do número 1 deste artigo, os interesados non poderán estar incursos, na data de formulación da solicitude, en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia; así mesmo, debían reunir, no momento en que se produciu a baixa das súas autorizacións, os seguintes requisitos:

a) Ser transportistas autónomos domiciliados en Galicia.

b) Ter unha idade igual ou superior aos cincuenta e oito anos, ou ter declarada unha incapacidade permanente absoluta.

c) Ter sido titulares durante os dez anos inmediatamente anteriores á renuncia, de forma ininterrompida, dunha autorización de transporte público de mercadorías, cun máximo de tres copias. A dita autorización non debeu estar suspendida en ningún momento durante ese período, aínda que se permitirá unha soa interrupción na súa titularidade por un prazo que non supere os tres meses.

Así mesmo, durante ese período os beneficiarios poderán ter sido titulares doutras autorizacións de transporte público distintas das citadas, pero só se permitirá ter sido titular de catro copias de autorizacións das clases indicadas unha soa vez e por un prazo que non supere os dous meses.

d) Ter estado dados de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social durante os dez anos inmediatamente anteriores á renuncia. Esa situación debeu manterse de forma ininterrompida, aínda que se permitirá unha soa interrupción por un prazo que non supere os tres meses. Nos supostos de solicitantes afectados por unha incapacidade permanente absoluta, o referido prazo de dez anos computarase desde que esta lle foi recoñecida.

e) Non obter, con posterioridade á renuncia, ningunha autorización para a realización de transporte público.

4. Para os efectos dos dous puntos anteriores, as autorizacións de transporte público de mercadorías de ámbito nacional, comarcal ou local para vehículo con capacidade de tracción propia, incluídas as da clase TD, de que fose titular o beneficiario con anterioridade ao 16 de abril de 2007, computaranse como copias dunha mesma autorización. Idéntico tratamento terán as autorizacións de ámbito autonómico que fosen validadas de acordo coa disposición transitoria primeira da Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. Para poder acollerse a esta convocatoria, os interesados previstos no artigo 3.1º a) deberán presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo I desta resolución, acompañada dos seguintes documentos:

a) Certificación bancaria orixinal do número de conta do solicitante, de non figurar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia.

b) Certificado ou informe da vida laboral que acredite que estiveron de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social de xeito continuado durante os dez anos inmediatamente anteriores á solicitude ou, de ser o caso, anteriores á declaración de incapacidade permanente absoluta.

c) Permiso de condución ou declaración responsable en que se indique que non é o seu titular.

d) De ser o caso, documento acreditativo da declaración de incapacidade permanente absoluta.

2. Para poder acollerse a esta convocatoria, os interesados previstos no artigo 3.1º b) deberán presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, acompañada dos seguintes documentos:

a) Certificación bancaria orixinal do número de conta do solicitante, de non figurar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia.

b) Certificado ou informe de vida laboral que acredite que estiveron de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social de xeito continuado durante os dez anos inmediatamente anteriores á renuncia, e que no momento da solicitude están dados de baixa. De ser o caso, o certificado deberá xustificar a alta no réxime de autónomos da Seguridade Social durante os dez anos inmediatamente anteriores á declaración de incapacidade permanente absoluta.

c) Xustificante da renuncia definitiva ao permiso de condución válido para vehículos pesados de transporte de mercadorías ou fotocopia do novo permiso de condución. No caso de que o solicitante non fose titular do permiso de condución, ese xustificante substituirase por unha declaración responsable asinada en que así se faga constar.

d) De ser o caso, documento acreditativo da declaración de incapacidade permanente absoluta.

3. De acordo coa disposición adicional primeira das bases reguladoras e coa orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, mediante a firma da solicitude de axuda o interesado manifesta o seu consentimento expreso para que a consellería consulte os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non querer presentar ese consentimento, deberá marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude e presentar a fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade (DNI) en vigor.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (praza de Europa, 5-2º andar, Área Central-Fontiñas, Santiago de Compostela). Poderán, así mesmo, presentarse polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 23 de outubro de 2009, incluído.

Artigo 6º.-Procedemento e prazos.

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras e valoradas consonte os criterios recollidos no artigo 10º destas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados desde o día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. No suposto dos beneficiarios a que refire o artigo 3.1º a), e unha vez notificado o outorgamento da axuda, abriráselles un prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao desa notificación,

para que renuncien á autorización ou autorizacións que deron lugar á axuda e a todas aquelas de transporte público de que fosen titulares. Transcorrido o devandito prazo sen que o interesado efectuase a renuncia, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días emende ese incumprimento.

En todo caso, antes de aboar as axudas comprobarase que no rexistro xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte se anotou a baixa da autorización ou autorizacións.

Artigo 7º.-Órganos competentes e resolución.

1. A Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte será o órgano competente para instruír o procedemento de concesión destas axudas, e corresponderalle ao director xeral de Mobilidade resolver, por delegación do conselleiro, os procedementos de concesión e aprobación do gasto.

2. As resolucións porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os recursos previstos no artigo 12 das bases reguladoras, así como calquera outro que o interesado considere procedente.

3. A concesión ou a denegación da axuda será notificada ao solicitante de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Adicionalmente, as axudas concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de concorreren os supostos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Artigo 8º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Mobilidade, a través dos seguintes medios:

a) A súa páxina web oficial (<http://www.cmati.xunta.es/portal/>).

b) Os teléfonos 981 54 45 02 e 981 54 45 85 da devandita dirección xeral.

Disposición derradeira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2009.

Miguel Rodríguez Bugarín
Director xeral de Mobilidade



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A TRANSPORTISTAS AUTÓNOMOS DE MERCADORÍAS POR ESTRADA QUE ABANDONEN A ACTIVIDADE (MODALIDADE ART. 3.1º a)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT314A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE

Declara baixo a súa responsabilidade:

- Que é titular da autorización de transporte público regular de mercadorías número: [] coa(s) seguinte(s) copia(s) autorizada(s):
 - Número de copia 1: []
 - Número de copia 2: []
 - Número de copia 3: []
- Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas e asume as obrigas e compromisos que nela se establecen.
- Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
- Que se compromete a presentar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas.
- Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
- Que se compromete, no caso de resultar beneficiario das axudas reguladas na orde, a renunciar á autorización ou autorizacións arriba indicadas, así como a todas aquelas de transporte público de que fose titular.
- Que se compromete a abandonar con carácter definitivo a actividade de transporte en calidade de empresario, así como a non achegar a súa capacitación profesional a outra empresa de transporte, se é o caso.

Ten recoñecida unha incapacidade permanente absoluta: SI NON Data de recoñecemento: []

Solicita: que se lle conceda a axuda prevista pola Dirección Xeral de Mobilidade para o abandono da actividade por parte de transportistas autónomos de mercadorías por estrada.

Documentación que se presenta (en orixinal ou fotocopia cotexada)

- Certificación bancaria orixinal do número de conta do solicitante.
- Certificado ou informe da vida laboral que acredite que estiveron de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social de xeito continuado durante os dez anos inmediatamente anteriores á solicitude ou, de ser o caso, anteriores á declaración de incapacidade permanente absoluta.
- Permiso de condución ou declaración responsable en que se indique que non é o seu titular.
- De ser o caso, documento acreditativo da declaración de incapacidade permanente absoluta.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
 SI NON (neste caso deberá presentar fotocopia cotexada do DNI)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 19 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade. - Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan para o ano 2009 as axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.	(Para cubrir pola Administración)	
	RECIBIDO []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 2009	REVISADO E CONFORME []	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAIDA ____/____/____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS A TRANSPORTISTAS AUTÓNOMOS DE MERCADORÍAS POR ESTRADA QUE ABANDONEN A ACTIVIDADE (MODALIDADE ART. 3.1º b)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT314A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE

Declaro baixo a súa responsabilidade:

1. Que entre o 11 de setembro de 2008 e o día de publicación da resolución de convocatoria destas axudas no *Diario Oficial de Galicia* renunciou ás seguintes autorizacións de transporte público regular de mercadorías:

- Número de autorización de empresa (se é o caso):

- Número das autorizacións ou copias:

2. Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas e asume as obrigas e compromisos que nela se establecen.

3. Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.

4. Que se compromete a achegar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas.

5. Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

6. Que se compromete a manter o abandono definitivo da actividade de transporte en calidade de empresario, así como a non achegar a súa capacitación profesional a outra empresa de transporte, se é o caso.

Ten recoñecida unha incapacidade permanente absoluta: SI NON Data de recoñecemento:

Solicita: que se lle conceda a axuda prevista pola Dirección Xeral de Mobilidade para o abandono da actividade por parte de transportistas autónomos de mercadorías por estrada.

Documentación que se achega (en orixinal ou fotocopia cotexada)

- Certificación bancaria orixinal do número de conta do solicitante.
- Certificado ou informe de vida laboral que acredite que estiveron de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social de xeito continuado durante os dez anos inmediatamente anteriores á renuncia e que no momento da solicitude están dados de baixa. De ser o caso, o certificado deberá xustificar a alta no réxime de autónomos da Seguridade Social durante os dez anos inmediatamente anteriores á declaración de incapacidade permanente absoluta.
- Xustificante da renuncia definitiva ao permiso de condución válido para vehículos pesados de transporte de mercadorías ou fotocopia do novo permiso de condución. No caso de que o solicitante non fose titular do permiso de condución, ese xustificante substituirase por unha declaración responsable asinada en que así se faga constar.
- De ser o caso, documento acreditativo da declaración de incapacidade permanente absoluta.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería da relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON (neste caso deberá presentar fotocopia cotexada do DNI)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 19 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade. - Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan para o ano 2009 as axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
Lugar e data	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA